

D I T A M E

Ditame  
**12/08**

sobre o anteproxecto de

## **Lei de Montes de Galicia**



**APROBADO POLO PLENO O 12 DE DECEMBRO**





# Índice

|                                                                                                                                                               |           |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|
| <b>1. Antecedentes</b>                                                                                                                                        | <b>4</b>  |
| <b>2. DITAME</b>                                                                                                                                              |           |
| <b>sobre o anteproxecto de lei de Montes de Galicia</b>                                                                                                       | <b>5</b>  |
| 2.1. Estructura e contido . . . . .                                                                                                                           | 5         |
| 2.2. Consideracións xerais . . . . .                                                                                                                          | 6         |
| 2.3. Consideracións particulares. . . . .                                                                                                                     | 7         |
| <b>3. ANEXO</b>                                                                                                                                               | <b>10</b> |
| 3.1. Voto particular conxunto de Unións Agrarias - UPA Galicia e Unión Xeral de Traballadores de Galica ao anteproxecto de Lei de Montes de Galicia . . . . . | 10        |
| 3.2. Voto particular da Confederación de Empresarios de Galicia ao ditame ao anteproxecto de Lei de Montes de Galicia . . . . .                               | 11        |
| 3.2.1. Con respecto ás consideracións particulares. . . . .                                                                                                   | 11        |

# 1

## Antecedentes

1. En data 13 de novembro de 2008 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame polo trámite de urxencia, o anteproxecto de lei de Montes de Galicia.
2. O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores produtivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.
3. O día 18 de novembro, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº1 para o 20 de novembro de 2008, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.
4. A Comisión Sectorial, na súa sesión 16/08, de data 9 de decembro, acorda aprobar a proposta de ditame e remítea ao presidente do Consello para a súa tramitación.
5. O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 09/08, de 12 de decembro, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

## 2

# DITAME

## sobre o anteproxecto de lei de Montes de Galicia

### 2.1. Estructura e contido

O presente anteproxecto de lei ten por obxecto a regulación dos montes situados no territorio da Comunidade Autónoma Galega, consonte á competencia exclusiva que lle atribúen os artigos 27.10, 27.11 e 27.30 do Estatuto de autonomía de Galicia.. O anteproxecto de lei estrutúrase en nove títulos, nove disposicións adicionais, dezaseis disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e cinco disposicións finais.

O Título I, regula a clasificación dos montes.

O Título II, presenta o réxime xurídico dos montes públicos, montes veciñais en man común, os privados e dos montes de especial protección autonómica. Establécense cuestións tan importantes como o deslindamento de montes demaniais ou de montes veciñais, o dereito de adquisición preferente, o principio de compensación, os dereitos e deberes dos propietarios e propietarias privados dos montes e o límite á segregación das parcelas forestais como xeito de deter a proliferación do minifundismo..

O Título III, está dedicado ao Rexistro Forestal de Galicia.

O Título IV, abórdase a planificación e xestión forestal sustentábel. Establécese o marco legal para a realización do Inventario Forestal de Galicia e a Estatística Forestal anual. No contexto da planificación forestal defínense, en cadansúa sección, a Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentábel e o Plan Forestal de Galicia.

O Título V, aborda os aproveitamentos forestais, a quen corresponde a supervisión administrativa, casos que precisan ou non de comunicación ou autorización, facendo un percorrido polos distintos aproveitamentos do monte, sexan madeirábeis e leñosos ou non.

O Título VI, está dedicado á conservación e protección dos montes. Regúlanse as condicións de usos do solo: condicións para os cambios de uso forestal e para a modificación da cuberta vexetal, o acceso público e os usos prohibidos en termos xerais.

O Título VII, debulla a cuestión en materia de educación, divulgación, formación e investigación forestal..

O Título VIII, dedicado ao fomento forestal, define os novos contratos de xestión forestal no seu primeiro capítulo. O capítulo segundo dispón sobre a construción de infraestruturas forestais dedicando un artigo ás pistas

forestais. No capítulo terceiro sobre a defensa dos intereses forestais, destaca o fomento do asociacionismo, a disposición sobre a cobertura de danos por incendios forestais, as novas tecnoloxías, Consello Forestal, Mesa da Madeira e mesmo a posibilidade doutras mesas sectoriais de produtos do monte.

O Título IX, está dedicado ao réxime sancionador, no que destaca a tipificación clasificada que se fai en función da cualificación. Establécense tamén as indemnizacións e reparación dos danos.

## 2.2. Consideracións xerais

1. O CES entende que o trámite de urxencia debería reservarse para aqueles anteproxectos nos que efectiva e obxectivamente concorren circunstancias de urxencia. O anteproxecto de Lei obxecto deste ditame é, ademais de complexo, moi extenso, contendo 152 artigos e unha profusión de disposicións adicionais, transitorias e “derradeiras” (*sic*). É publicamente coñecido que a súa preparación estendeuse ao longo de moitos meses, e preséntase a ditame do CES no tramo final da presente lexislatura, con esta practicamente esgotada, o que sembra dúbidas sobre as súas posibilidades de chegar a converterse en Lei, previa aprobación do Parlamento galego.

Todas estas circunstancias fan que o CES teña que reiterarse en que o trámite de urxencia opera en contra da calidade dos seus ditames.

O CES considera necesario expresar que a premura de tempo derivada do trámite de urxencia, o extenso do articulado deste anteproxecto, a súa complexidade e o carácter marcadamente técnico do mesmo, impediron a análise total das alegacións presentadas polos diferentes Grupos que abranguían a totalidade do texto.

Non obstante, debe significarse que o

contido do ditame adoptado por unanimidade, e que comprende ata o artigo 47 incluído do anteproxecto, é froito do consenso dos membros da Comisión, polo que os votos particulares que figuran anexos ao mesmo, correspóndense con aspectos ou alegacións que, polas causas anteditas, non puideron ser obxecto do demorado exame da Comisión proponente.

2. O CES considera que en relación coas clasificacións que se conteñen en algúns artigos (v.gr. art. 7, 141 ou 148), empréganse o j) e/ou k), letras que son impropias do alfabeto galego, mentres ignórase o ñ), que si forma parte do mesmo. O CES suxire unha revisión do texto do anteproxecto a este respecto.
3. O CES entende que dada a importancia estratéxica, territorial, socio-económica e ambiental do monte galego, a Lei de Montes debe acompañarse dunha estratexia Forestal a longo prazo, consensuada, e dotada de recursos financeiros que permitan a xestión sustentable, o aproveitamento multifuncional de bens e servizos do monte, a mellor rendibilidade e a súa persistencia.
4. O CES considera que unha norma como a proposta, que regule un marco de estabilidade para o sector con vocación de ampla duración temporal, require contar cos maiores consensos sobre o seu contido, sobre a base dunha adecuada tramitación, na que a participación dos sectores afectados se considera un aspecto esencial.

O CES entende que a nova Lei de Montes, debe orientarse cara a unha maior simplificación administrativa e unha mellor delimitación competencial, limitando as autorizacións e trámites administrativos aos estritamente necesarios e equilibrando a tutela administrativa dos intereses xerais, cos dos axentes económicos e propietarios.

5. O CES entende necesario apostar pola creación de unidades de arbitrase para a resolución dos conflitos que xurdan entre os distintos axentes e reduzan os tempos de resolución e os custos para estes.

Aínda que pode interpretarse así, a lei debería establecer expresamente non só a publicidade de todos os rexistros creados ao seu abeiro ou a das disposicións de desenvolvemento desta, senón tamén o libre acceso para a consulta e obtención da información que conteñan.

6. O CES considera a necesidade de que, ao abeiro desta lei, exista un marco claro, un protocolo inequívoco doadamente executable de actuación de cara á eliminación do gando ilegal, incluíndo o xeito da retirada dos montes das cabanas ilegais.

Tamén O CES considera conveniente o establecemento dun escenario legal claro en relación coa regulación das ordenanzas municipais forestais con base nun marco autonómico único.

Ademais o CES considera que no cap. VIII do anteproxecto, referido ao fomento forestal, é necesario desenvolver instrumentos e medidas (fiscais, fondos verdes, bonus...) que ampliando as fórmulas máis tradicionais mencionadas no texto, contribúan con carácter máis innovador ao desenvolvemento do sector forestal.

## 2.3. Consideracións particulares.

1. O CES considera conveniente a eliminación dos **parágrafos 2, 3, 4 e 5 do apartado 1** da exposición, xa que non achega elementos significativos respecto á motivación da lei, pois debe recordarse que a exposición de motivos debe fuxir de análises historicistas que nada achegan ao verdadeiro fin e esencia desta, que

non é outro que o de xustificar e motivar o que máis adiante se desenvolve no articulado da norma.

2. O CES entende que no **parágrafo 3 do apartado 2** da exposición de motivos e, a continuación do primeiro punto e seguido debería eliminarse a frase que comeza “*establecendo como límite inferior... as 15 hectáreas*” e substituílo pola seguinte frase: “*promovendo o agrupamento tanto da xestión como da propiedade forestal*”

3. O CES entende que no **parágrafo 3 do apartado 3** da exposición de motivos debería engadirse o seguinte: transformador de madeira, *cuo uso debe potenciarse como recurso natural renovable ecolóxico, fronte a outros menos ecoeficientes, como se afirma nas Resolucións das diversas conferencias ministeriais sobre a protección dos bosques en Europa.*

Así mesmo non se pode esquecer o importante papel que os bosques representan para a sociedade, non só como produtores de madeira senón como provedores de múltiples externalidades ambientais.

4. O CES considera que ao final da Exposición de motivos debería integrarse un parágrafo para aludir a que o anteproxecto de Lei foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.
  5. O **artigo 2** Principios da Lei O CES entende que no **apartado b)** deste artigo debería incluírse “*o aproveitamento dos bosques*”
  6. O **artigo 3** Concepto de Monte ou terreo forestal O CES considera que no **punto 1 do artigo 3** deberían substituírse os vocablos “*produtoras, ambientais*” por “*económicos, ecolóxicos*”.
- O CES considera que se debería regular mediante cláusula de transitoriedade

a posibilidade de que o solo urbanizable poida ser considerado terreo forestal ou monte, en tanto non se inicie o proceso de execución urbanística.

O CES entende que no **apartado 4 do artigo 3**, terán a consideración de monte ou terreo forestal os terreos dedicados ao cultivo agrícola, os prados, o solo urbano, os núcleos rurais, o dominio público hidráulico e *marítimo-terrestre*, as zonas de servidume das canles fluviais e os demais terreos rústicos de protección agropecuaria.

7. O **artigo 5** Definicións de termos afectos a esta Lei O CES entende que os termos do **artigo 5** deberían elaborarse coa idea de facilitar a mellor interpretación da norma e manter os criterios técnicos preexistentes e xeralmente aceptados, en particular os referidos ás denominacións: pista forestal, vía de saca, bosque, enclave forestal e biomasa residual.
8. O **artigo 7** Regula as competencias da administración da Comunidade Autónoma en materia forestal O CES considera que no **punto 2** debería figurar expresamente que as competencias da Comunidade Autónoma en materia forestal recollidas no devandito punto son competencias exclusivas.
9. O **artigo 8** Competencias das Administracións Locais O CES considera que no **punto 1 do artigo 8** debería figurar que as Administracións Locais de Galicia unicamente administrarán e dispoñerán dos aproveitamentos en terreos forestais da súa titularidade incluídos os montes catalogados, sen prexuízo daquelas outras atribucións que se lles poidan outorgar en materia forestal, con arranxo ao disposto nesta Lei.

Así mesmo o CES entende que no **punto 4 letra a)** deste artigo debería substituírse o concepto “*casa aberta*” por “*viven-da*”.

10. O **artigo 25** Principio de compensación O CES considera que o principio de compensación debería figurar entre os fundamentos da Lei sinalados no **artigo 2**, e que tanto en montes públicos como privados se contemple a compensación polos usos e restricións que afectan a propiedade forestal.

O CES entende que no desenvolvemento regulamentario da Lei é necesario un maior nivel de detalle en canto á compensación que regula este precepto, así o concepto de actuación de índole forestal non aparece concretado no texto. Así mesmo en canto ao seu **segundo parágrafo** o CES entende que non queda claro se, para cumprir a obriga do promotor de adquisición de terreos circundantes, podería acudirse aos sistemas de execución urbanística legalmente previstos.

11. O **artigo 28** Xestión dos montes privados O CES considera que as actuacións de equipamento de montes para a xestión forestal, deben ter o mesmos beneficios fiscais que a agrupación de parcelas agrarias.

O CES considera que a figura dos montes veciñais en man común transcende o ámbito estritamente forestal, polo que se fai necesaria e urxente unha regulación específica que contemple todos aqueles aspectos alleos a dito ámbito.

12. O **artigo 29.1.7** Regula o mantemento do uso forestal O CES considera en canto aos deberes e ás obrigas dos propietarios dos montes privados, debería terse en conta a aplicación do principio de proporcionalidade, de forma que non se poidan impoñer ou esixir as mesmas obrigas para distintos tipos de propiedades.

O CES considera que no **apartado 3 do artigo 29** debería sinalarse a defensa e control fitosanitario e non soamente o control fitosanitario.

13. O **artigo 33.2** Montes de especial protección autonómica de titularidade pri-

vada. O CES considera que a frase “*deberán ser compensadas*” debería substituírse por “*serán compensadas*”.

14. O **artigo 36** Condición de veciño comuneiro O CES considera que no **artigo 36.1** e na **Disposición Derradeira Primeira** que modifica o *artigo 61 da Lei 2/2006 do 14 de xuño do Dereito Civil de Galicia* debería substituírse o concepto de “*casa*” por “*vivenda*” e ademais sería necesario definir que se entende por unidade produtiva e de consumo, e incluía como tal no **artigo 5**. Igualmente considera precisa a clarificación do concepto residencia habitual independente e substituír a frase: “*dentro de área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social*” por “*no núcleo rural ou entidade de poboación*”

15. O **artigo 41** Réxime xeral dos actos de disposición en montes veciñais en man común O CES considera que debería cambiar o **punto 3** polo que de seguido se expresa: *A comunidade de montes, previo á formalización de calquera acordo que implique unha autorización privativa dos montes veciñais, solicitaralle informe á Administración forestal, que deberá pronunciarse exclusivamente sobre a compatibilidade da actividade prevista coa persistencia dos valores forestais do monte, en cuxo procedemento se garantirá a audiencia ás eventuais persoas beneficiarias da actividade.*

*O informe terá carácter vinculante só no caso de que a actividade prevista resulte incompatible cos usos forestais, por pór en risco o aproveitamento sustentable do monte.*

16. O **artigo 42** Cesión O CES considera conveniente substituír o termo “*autorización*” do **punto 1** por “*informe*” e engadir ao final deste **punto 1** e despois de “*carácter temporal*” a locución “*e carga-doiros*”. Así mesmo o CES considera que debería elevar o prazo máximo de 30 anos a 40 anos.

17. O **artigo 44** Dereitos de superficie O CES considera que no **punto 1** debería aumentar o prazo alí sinalado de 30 anos a 40 e así mesmo considera que debería engadirse ao final do punto 1 o seguinte: non obstante o anterior poderanse prorrogar os dereitos de superficie por mutuo acordo das partes.

Igualmente o CES considera que debería substituírse o vocábulo “*autorización*” que figura no **punto 5** polo de “*informe*”.

18. O **artigo 47** Permutas O CES considera que no **punto 1** debería suprimirse a verba “*limitrofes*” e engadir a seguinte locución “*incluídos na mesma área xeográfica*”. Así mesmo no **punto 2** do mesmo artigo considera substituír a locución “*colindancia co monte veciñal*” por “*inclusión na mesma área xeográfica*”

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2009

Vº e P.  
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martinez

Asdo.: Eliseo Sastre Serrano

## ANEXO

### 3.1. Voto particular conxunto de Unións Agrarias - UPA Galicia e Unión Xeral de Traballadores de Galicia ao anteproxecto de Lei de Montes de Galicia

O presente Voto Particular realízase ao contido do Anteproxecto de Lei de Montes de Galicia a partir do artigo 47, a partir deste as dúas organizacións que subscriben este Voto particular presentan as seguintes consideracións:

En primeiro lugar, deixamos constancia da valoración positiva ao contido do anteproxecto e, en particular, dos seguintes artigos:

- O artigo 114. **Marco xurídico da sanidade forestal**

Valoramos positivamente a posibilidade de intervención directa da Administración en caso de necesidade urxente de actuación por motivos fitosanitarios (art. 114). Moi importante no escenario de incerteza que plantexan problemas como o cancro do castiñeiro ou a probable chegada do *Bursaphelenchus* spp.

- Disposición transitoria 11<sup>a</sup>.

Valoramos positivamente onde se fixa a prevalencia das PORF sobre os PXOM, cando as PORF sexan de redacción anterior aos PXOM.

Sen prexuízo da anterior valoración positiva, consideramos que este anteproxecto de lei debería recoller o seguinte:

1. O **artigo 61 Asemblea Xeral de comuneiros.**

Parece excesivo que se pretenda sancionar aos veciños que non asistan ás Asembleas, segundo o disposto no art. 61.2 e, pola contra, non aparece ningún artigo que desenvolva a potestade sancionadora, ou da toma de medidas disciplinarias da Asemblea ou a Xunta Reitora.

2. O **artigo 97. Capítulo II. Aproveitamentos forestais.**

Valoramos positivamente a simplificación dos trámites de solicitude de cortas nos montes que contén con un instrumento de xestión aprobado, onde bastará a notificación, con silencio administrativo positivo de 15 días, e non será preciso solicitar autorización ou notificar nas zonas de **afección ou policía**, do Dominio Público Hidráulico marítimo-terrestre, ou das estradas ou ferroviarios (art. 97).

Deberíase, sen embargo, facer un esforzo adicional para que dende un portelo úni-

co (Consellería do Medio Rural), se tramitase conxuntamente a autorización da corta nas zonas de **servidume** dos ditos dominios públicos, en orde a simplificar os trámites dos propietarios e empresas de aproveitamentos forestais, facilitando a xestión sostible a través do aforro de trámites innecesarios que provocan retrasos e diminúen a competitividade de forma innecesaria.

### 3. O artigo 113. Repoboación forestal.

Parece **excesivo esixir para repoboacións de 5ha, proxecto de forestación** asinado por técnico competente, establecendo incluso unha sanción nos casos de repoboacións feitas sen tal instrumento (art. 113.3, art. 113.5). Parecería máis lóxico establecer unha gradación, esixindo en todo caso memoria técnica, e en todo caso a partir de certa entidade dos proxectos de forestación (non 5 ha, obras con presupostos de execución material entorno a 5.000€), pasar a esixir xa un proxecto (memoria, prego de condicións, planos, presuposto, e plan de prevención de riscos laborais).

### 4. Disposición adicional oitava.

Debería de aclararse de forma explícita, a que instrumentos de planificación forestal, se lles vai esixir o trámite de Avaliación Ambiental Estratéxica (Disposición adicional oitava).

Debería de sinalarse que deberían dispoñerse compensacións económicas para aqueles montes (con independencia da natureza da súa propiedade) aos que por interese xeral, e na aplicación das disposicións desta Lei, se lle poñan limitacións para desenvolver plenamente as súas capacidades produtivas.

Incluír a posibilidade de acollerse a unha figura de **Arbitraje** para dirimir conflitos entre propietarios forestais, ou propietarios e CMVMC, ou conflitos entre CMVMC.

## 3.2. Voto particular da Confederación de Empresarios de Galicia ao ditame ao anteproxecto de Lei de Montes de Galicia

O anteproxecto de lei ten por obxecto a regulación dos montes situados no territorio da Comunidade Autónoma.

Os conselleiros do Grupo Segundo, integrado polos representantes da Confederación de Empresarios de Galicia, queren manifestar algunhas consideracións que na súa opinión deberon ser tidas en conta no texto do Ditame ao Anteproxecto de Lei e que por motivos propios da tramitación urxente do anteproxecto, da carga de traballo da Comisión Sectorial 1 encargada deste e a extensión e densidade do texto sometido a Ditame, non puideron ser sometidas á consideración da Comisión Sectorial, recoñecendo nembargantes os esforzos de todas as organizacións representadas na devandita Comisión para chegar a un texto aprobado polo maior consenso posible, ata que o remate do prazo obrigou á finalización dos traballos sen ter a oportunidade de consensuar as observacións que de seguido presentamos e que reproducen as remitidas ao Ces-Galicia pola CEG, e que polos motivos expostos, non puideron ser debatidas nin integradas de xeito consensuado no Ditame, a diferenza do acontecido coas observacións debatidas ata o artigo 47 do anteproxecto.

### 3.2.1. Con respecto ás consideracións particulares.

#### Art. 48.- Expropiación forzosa :

Propónse engadir o seguinte texto á redacción:

A declaración de prevalencia só será necesaria se a ocupación da expropiación

e/ou servidume supera o 10 % da superficie total do monte.

Cando se supere esa ocupación, a declaración de prevalencia tramitarase simultaneamente coa solicitude de concesión e/ou autorización.

No caso de ser negativa a proposta a elevar ao conselleiro competente na materia de montes, antes dunha resolución darase audiencia ao interesado, para que poida alegar o que estime oportuno.

Non poderá ser contrario á expropiación, o criterio do conselleiro competente na materia de montes por razóns medioambientais nin cando a expropiación derive da execución de proxectos das distintas administracións ou se axuste a plans e/ou proxectos sectoriais aprobados polo Consello da Xunta.

Por outra parte, no parágrafo 3 debería considerarse que as cantidades obtidas teñan unha natureza de ingreso extraordinario e, polo tanto, que poida ampliarse o período de tempo previsto na normativa vixente para o reinvestimento destas.

#### **Art. 50 e seguintes :**

Debería quedar claro que tanto a existencia dunha comunidade veciñal propietaria dun monte como tamén a cualificación do monte como veciñal correspóndelle exclusivamente aos Xurados de Montes como os correspondentes recursos na xurisdición administrativa, dando unha seguridade que hoxe non existe, ao poder acudir igualmente á xurisdición civil que, con frecuencia, dita sentenzas contraditorias coas investigacións feitas polos servizos técnicos e polos mesmos xurados ou tribunais do Contencioso-Administrativo.

Ningún artigo fai referencia ao recoñecemento da potestade sancionadora das Xuntas Reitoras e Asembleas das Comunidades de Montes. Actualmente existe un baleiro neste tema que dá lugar a que

calquera sanción imposta pola Comunidade (ben Xunta Reitora ben Asemblea) corra o risco de ser anulada polo Xulgado, baseado en que esta potestade carece de amparo na Lei de montes veciñais, expresando algunha sentenza que “*nos atopamos diante dunha lagoa legal que lle impide á Asemblea o exercicio dunha potestade sancionadora propia, incluso a través dos seus Estatutos*”, considerando que os Estatutos aprobados pola Comunidade, se establecen réxime sancionador, serán nulos no precepto que o acorde e igualmente nula a sanción imposta baseándose en dito precepto.

Ás Xuntas Reitoras e ás Asembleas, é necesario dotalas dos medios adecuados para tomar medidas con esixencia de responsabilidade, que poden chegar ata a expulsión ou a baixa como comuneiro, para castigar e impedir que certos comuneiros poidan realizar ou permanecer na realización de actitudes que prexudiquen gravamente o monte ou a comunidade veciñal. Consecuentemente a lei debe recoñecer ese dereito de exercicio de accións de responsabilidade para que sexa trasladado aos Estatutos e teña eficacia.

#### **Art. 61 .-** Asemblea Xeral de comuneiros.

- 2.- Proponse suprimir o 2º parágrafo, pois non se debería “*obligar*” a ninguén.
- 6.- Engadir: A Asemblea Xeral non poderá delegar na Xunta Reitora decisións sobre actos de disposición, só a súa execución.
- 4.- Engadir: Á Asemblea Xeral, será convocado un representante do Concello, que asistirá a esta con voz e sen voto.

#### **Art. 62 .-** Xunta Reitora.

- 2.- Engadir: O presidente e o tesoureiro non poderán exercer os cargos máis de 8 anos consecutivos.

- 3.- Corrección: despois de comunei-  
ros: , “o non presentarse candida-  
tos”,
- Engadir: cuxas convocatorias reali-  
zará un representante do Concello  
exercendo á súa vez de presidente  
da Asemblea, ata que se constituía  
a Xunta Reitora.

**Art. 63** .- Estatutos da Comunidade.

- b.- De novo substituír “*casa*” por  
“*vivenda*”.
- Engadir unha nova letra h)
- h.- As causas, para a perda de con-  
dición de comuneiro.

**Art. 66** .- Xunta Provisional.

- 9.- Engadir:  
A convocatoria para a nova elección  
será realizada por un representante  
do Concello, quen impulsará a re-  
dacción dos Estatutos.  
Se transcorre outro ano sen aprobá-  
rense estes e, en consecuencia, sen  
existir Xunta Reitora, a adminis-  
tración do monte veciñal correspon-  
deralle á Asemblea presidida po-  
lo representante do Concello, sendo  
necesario para a toma de acordos o  
quórum previsto no art. 61.

**Art. 69** .- Situacións transitorias por extin-  
ción ou desaparición da Comunidade de  
Montes.

- Corrección do título: Situacións  
transitorias por dimisión da Xun-  
ta Reitora, finalización do manda-  
to, sen nova elección ou por extin-  
ción ou desaparición da comunida-  
de veciñal.
- 1.- Corrección: ... a regulación do  
aproveitamento do monte, corres-  
ponde paritariamente á consellaría  
competente en materia de montes,  
en tanto ...

- 2.- Corrección: ... a consellaría com-  
petente en materia de montes, po-  
derán ...

- Engadir un punto 5. Inexistencia de  
Xunta Reitora.

No caso de finalización do mandato  
ou de dimisión da Xunta Reitora,  
o presidente saínte deberá convo-  
car asemblea no prazo de 6 meses,  
para a elección dunha nova xunta  
reitora. No caso de que non se pre-  
sentaren candidatos, e ata que os  
axa, exercerá de presidente un co-  
muneiro nomeado pola consellaría  
competente, quen deberá impulsar  
a constitución da Xunta Reitora.

**Art. 81** .- Plan forestal de Galicia.

Existe xa un plan forestal de Galicia  
aprobado no ano 1992. Débese manifes-  
tar a necesidade de que o plan sexa con-  
sensuado para garantir un marco sostible  
de ampla vixencia por riba dos 20 anos.  
O monte constitúe o 70 % da superficie  
da nosa comunidade e require de ciclos  
de xestión o máis alongados posibles no  
tempo.

**Art. 82** .- Contido do Plan forestal de Gali-  
cia.

- Orixinal: O contido básico do Plan  
forestal de Galicia comprenderá as  
accións seguintes:
  1. Forestación, restauración das  
cubertas vexetais e a protec-  
ción forestal fronte a erosión.
  2. Protección hidrolóxica-forestal.
  3. Defensa dos montes contra os in-  
cendios e as pragas forestais.
  4. Usos agrogandeiros compatibles  
con modelos forestais.
  5. Uso público recreativo e educa-  
ción ambiental.
  6. Investigación ecolóxica-forestal.
  7. Industrialización e axeitada co-  
mercialización dos produtos fo-  
restais.

- Proposta: O contido básico do Plan forestal de Galicia comprenderá as accións seguintes:

1. ~~Forestación~~ **Repoboación**, restauración das cubertas vexetais e a protección forestal fronte a erosión.
2. Protección hidrolóxica-forestal.
3. Defensa dos montes contra os incendios e as pragas forestais.
4. Usos agrogandeiros e outras actividades económicas compatíbeis con ~~modelos~~ **aproveitamentos** forestais.
5. Uso público recreativo e educación ambiental.
6. Investigación ecolóxica-forestal.
7. Industrialización e ~~axeitada~~ comercialización dos produtos forestais.

**Art. 84 .-** Eficacia vinculante do Plan forestal de Galicia.

- Orixinal:

1. Os obxectivos que conteña o Plan forestal de Galicia serán vinculantes para a consellaría competente en materia forestal e as súas directrices determinarán o marco no que se elaborarán os plans de ordenación dos recursos forestais e os instrumentos de xestión forestal e definirán as actuacións das distintas administración públicas no ámbito da presente lei.
2. Os investimentos previstos no Plan forestal de Galicia serán desenvolvidos en función das disponibilidades orzamentarias

que conteñan as leis de orzamentos de cada ano.

3. A consellaría competente en materia forestal poderá establecer liñas de axuda técnica e económica para o cumprimento dos fins contidos no devandito plan.

- Proposta<sup>1</sup>:

1. Os obxectivos que conteña o Plan forestal de Galicia serán vinculantes para a consellaría competente en materia forestal e as súas directrices determinarán o marco no que se elaborarán os plans de ordenación dos recursos forestais, **será indicativo para a elaboración** dos instrumentos de xestión forestal **en montes privados** e definirán as actuacións das distintas administración públicas no ámbito da presente lei.
2. **O Consello da Xunta deberá incluír no proxecto de lei de orzamentos as previsións orzamentarias incluídas no Plan forestal de Galicia, para o ano correspondente, salvo xustificación en contra que implicará a revisión de oficio deste.**
3. A consellaría competente en materia forestal ~~poderá~~ **establecerá** liñas de axuda técnica e económica para o cumprimento dos fins contidos no devandito plan.

**Art. 89 .-** Instrucións xerais de ordenación de montes.

- Orixinal:

<sup>1</sup>A xeito de exemplo, basta subliñar que o Plan forestal aprobado en 1992 (co apoio de todos grupos parlamentarios), entre outras medidas, establecía que cada ano se destinase un 3 % do orzamento autonómico á consecución dos obxectivos propostos. Lamentablemente a realidade foi ben distinta. Ata o de agora, o orzamento galego destinado ao monte en ningún ano superou o 1,5 %. Un sinxelo cálculo di que nestes 13 anos se acumulou un desfasamento de entre 300 e 400 millóns de euros de investimento público no monte. Se descontamos as previsións que correspondían a personal da administración e extinción de incendios, chegamos á conclusión de que só foi executado o 43 % das súas previsións de investimento público no que atinxe a silvicultura.

2. As instrucións xerais de ordenación conterán as directrices básicas e os principios técnicos da xestión dos montes da Comunidade Autónoma de Galicia aos que terán que axustarse todos os instrumentos de xestión que se aproben.

■ Proposta:

2. As instrucións xerais de ordenación conterán as directrices básicas e os principios técnicos da xestión dos montes da Comunidade Autónoma de Galicia aos que terán que axustarse todos os instrumentos de ~~xestión~~ **planificación** que se aproben.

**Artigo 94 .-** Comercio responsable de produtos forestais.

■ Orixinal:

1. A consellaría competente en materia forestal adoptará as medidas oportunas para evitar a adquisición de madeira e produtos derivados procedentes de talas ilegais e cortas non autorizadas ou non respectuosas cos principios de xestión forestal sustentábel.
2. A Xunta de Galicia fomentará o consumo responsable dos produtos procedentes da xestión forestal sustentable por parte dos cidadáns, mediante campañas de divulgación.
3. A consellaría competente en materia forestal favorecerá a adquisición de madeira e produtos derivados procedentes de bosques certificados.

■ Proposta:

1. A consellaría competente en materia forestal adoptará as medidas oportunas para evitar a adquisición de madeira e produtos derivados procedentes de

talas ilegais e cortas non autorizadas **en terceiros países** ou non respectuosas cos principios de xestión forestal sustentable **e para favorecer a adquisición daqueles procedentes de montes certificados**. [adaptación ao art. 35 bis da modificación da Lei 43/2003]

2. A Xunta de Galicia fomentará o consumo responsábel dos produtos procedentes da xestión forestal sustentable por parte dos cidadáns, mediante campañas de divulgación.

**Art. 95 .-** Certificación forestal.

■ Orixinal:

1. A consellaría competente en materia forestal promoverá a difusión dos sistemas de certificación forestal e procurará que todos eles cumpran as condicións de transparencia, utilización eficiente dos recursos económicos, voluntariedade, ausencia de discriminación e libre competencia.
2. Os sistemas de certificación forestal establecerán requisitos en relación con criterios ambientais, económicos e sociais que permitan a súa homologación e cumpran cos acordos internacionais ratificados legalmente, fomentando, ao mesmo tempo, que eses sistemas de certificación se axeiten á estrutura da propiedade dos montes da Comunidade Autónoma de Galicia e das empresas da cadea monte-industria.
3. Nos montes públicos ou xestionados pola Administración, certificarase a xestión forestal sustentable mediante sistemas internacionalmente recoñecidos ou validados polas

correspondentes entidades de normalización.

■ Proposta:

1. A consellaría competente en materia forestal promoverá a difusión dos sistemas de certificación forestal e procurará que todos eles cumplan as condicións de transparencia, utilización eficiente dos recursos económicos, voluntariedade, ausencia de discriminación e libre competencia.
2. Os sistemas de certificación forestal establecerán requisitos en relación con criterios ambientais, económicos e sociais que permitan a súa homologación e cumplan cos acordos internacionais ratificados legalmente, fomentando, ao mesmo tempo, que eses sistemas de certificación se axeiten á estrutura da propiedade dos montes da Comunidade Autónoma de Galicia e das empresas da cadea monte-industria.
3. A consellaría competente en materia forestal promoverá as adquisicións de produtos forestais certificados e incentivará a implantación de sistemas de certificación forestal nos montes privados.
4. 3 Nos montes públicos ou xestionados pola Administración, certificarase, **no prazo de dous anos**, a xestión forestal sostible mediante sistemas internacionalmente recoñecidos ou validados polas correspondentes entidades de normalización **segundo na súa elección criterios de non discriminación, e a demanda dos mercados**.

**Deberíase incluír o fomento do uso da madeira como produto natural**

**renovable, reciclable e reutilizable (triplo R).**

**Art. 97 .-** Aproveitamentos forestais.

■ Orixinal:

4. Os aproveitamentos nos montes afectados polas zonas de servidume, policía ou afección dos dominios públicos hidráulico, marítimo-terrestre, de estradas ou ferroviario, non precisarán de autorización dos órganos competentes dos devanditos dominios, sempre que tales montes dispoñan de instrumentos de xestión forestal cuxa aprobación polo órgano forestal da comunidade autónoma fora informada favorablemente polos órganos de xestión dos dominios públicos nomeados. Estes aproveitamentos tampouco precisarán de autorizacións por parte das administracións que segundo o artigo 92.2 desta lei foran consultadas previamente á aprobación do plan. Os aproveitamentos nos devanditos montes precisarán de notificación á consellaría competente en materia forestal cunha antelación previa de 15 días. Quedan excluídos da aplicación deste apartado os aproveitamentos na zona de servidume do dominio público hidráulico, que serán solicitadas directamente á consellaría competente en materia de augas e pesca fluvial e os aproveitamentos comprendidos nas zonas de dominio público e de servidume de estradas.

■ Proposta:

4. Os aproveitamentos nos montes afectados polas zonas de servidume, policía ou afección

dos dominios públicos hidráulico, marítimo-terrestre, de estradas ou ferroviario, non precisarán de autorización dos órganos competentes dos devanditos dominios, sempre que tales montes dispoñan de instrumentos de xestión forestal cuxa aprobación polo órgano forestal da comunidade autónoma ~~fora informada favorablemente~~ **non fora informada desfavorablemente** polos órganos de xestión dos dominios públicos nomeados. Estes aproveitamentos tampouco precisarán de autorizacións por parte das administracións que segundo o artigo 92.2 desta lei foran consultadas previamente á aprobación do plan. Os aproveitamentos nos devanditos montes precisarán de notificación á consellaría competente en materia forestal cunha antelación previa de 15 días. ~~Quedan excluídos da aplicación deste apartado os aproveitamentos na zona de servidume do dominio público hidráulico, que serán solicitadas directamente á consellaría competente en materia de augas e pesca fluvial e os aproveitamentos comprendidos nas zonas de dominio público e de servidume de estradas.~~

**Art. 99 .-** Aproveitamentos madeirables e leñosos.

■ Orixinal:

4. No caso de estar aprobado o instrumento de xestión forestal do monte, o titular que pretenda efectuar un aproveitamento madeirable ou leñoso notificarao previamente á consellaría competente en materia forestal, para os efectos de

comprobar a súa conformidade co previsto no devandito instrumento de xestión. A denegación ou condicionamento do aproveitamento producirase no prazo de 10 días mediante resolución motivada do órgano da antedita consellaría competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen ditarse e notificarse resolución expresa poderá realizarse o aproveitamento.

5. Cando non se dispoña do instrumento de xestión forestal aprobado pola consellaría competente en materia forestal, todo aproveitamento madeirable ou leñoso requirirá da autorización previa da consellaría competente en materia forestal, que deberá emitirse no prazo de 15 días en montes cunha superficie arborada inferior ás 15 hectáreas e no prazo dun mes no resto dos casos, entendéndose outorgada se, transcorrido o devandito prazo, non recaeu resolución expresa. Ademais, neste caso será necesario obter as autorizacións sectoriais que sinala a normativa aplicable no caso de que o aproveitamento se realice en zonas de servidume, policía ou afección dos dominios públicos hidráulico, marítimo-terrestre, de estradas ou ferroviario.
8. As persoas físicas ou xurídicas que, en nome da persoa propietaria, realicen a xestión ou o aproveitamento dos montes ou terreos forestais poderán, cando estean debidamente acreditadas, solicitar as autorizacións ou facer as notificacións sinaladas neste artigo, achegando a correspondente autorización

da persoa titular do aproveitamento onde acredite a titularidade do mesmo.

■ Proposta:

4. No caso de estar aprobado o instrumento de xestión forestal do monte, o titular que pretenda efectuar un aproveitamento madeirable ou leñoso que **non coincida co previsto no plan**, notificarao previamente **de maneira xustificada** á consellaría competente en materia forestal. A denegación ou condicionamento do aproveitamento producirase no prazo de 15 días mediante resolución motivada do órgano da antedita consellaría competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen dítarse e notificarse resolución expresa entenderase aceptado o aproveitamento. **A consellaría poderá esixir a modificación do plan con posterioridade ao aproveitamento.**
5. Cando non se dispoña do instrumento de xestión forestal aprobado pola consellaría competente en materia forestal, todo aproveitamento madeirable ou leñoso requirirá da autorización previa da consellaría competente en materia forestal, que deberá emitirse no prazo de 15 días en montes cunha superficie arborada inferior ás 15 hectáreas e no prazo dun mes no resto dos casos, entendéndose outorgada se, transcorrido o devandito prazo, non recae resolución expresa. ~~Ade-  
mais, neste caso será neces-  
ario obter as autorizacións sec-~~

~~toriais que sinala a normati-  
va aplicable no caso de que  
o aproveitamento se realice en  
zonas de servidume, policía ou  
afección dos dominios públicos  
hidráulico, marítimo terrestre,  
de estradas ou ferroviario. Co  
fin de conseguir a máxima eco-  
nomía procedementa e axilizar  
a tramitación e obtención das  
autorizacións sectoriais que si-  
nale a normativa aplicable, re-  
fundirase nun único procede-  
mento a intervención dos dife-  
rentes órganos da Administra-  
ción, establecéndose a unidade  
de expediente e resolución úni-  
ca. O órgano competente para  
a tramitación e resolución des-  
te expediente será a consellaría  
con competencias en materia  
forestal. O órgano substanti-  
vo deberá solicitar informe pre-  
ceptivo dos órganos adminis-  
trativos con afectación sobre o  
aproveitamento<sup>2</sup>.~~

8. As persoas físicas ou xurídicas que, en nome da persoa propietaria, realicen a xestión ou aproveitamento dos montes ou terreos forestais poderán, cando estean debidamente acreditadas, solicitar as autorizacións ou facer as notificacións sinaladas neste artigo, achegando a correspondente autorización da persoa titular do aproveitamento ~~onde acredite a titulari-  
dade do mesmo.~~

**Art. 101.1.a .**

- Proponse eliminar a esixencia de informe previo no caso concreto dos montes veciñais.
- Engadir un punto 5:

<sup>2</sup>Lei de procedemento administrativo pola que se impón a instrución dun só procedemento cando se trate de autorización ou concesións nas que, malia referirse a un só asunto ou obxecto, interveñan con facultades decisorias dous ou máis departamentos da administración.

5. Con carácter xeral, decláranse compatibles as instalacións de infraestruturas enerxéticas: parques eólicos, aproveitamentos hidráulicos, instalacións solares, liñas de transporte e distribución de enerxía, etc. co aproveitamento dos montes, que non poderán afectar a masas arbóreas de importancia, salvo por imposibilidade material, en función da súa situación.

**Art. 103** .- Alleamento.

- Orixinal:
  1. No tratamento da biomasa forestal residual, contemplarase o disposto no artigo 29.1 desta lei.
- Proposta:
  1. No tratamento da biomasa forestal residual, contemplarase o disposto no artigo 29.1 desta lei, **nos montes de titularidade privada. En montes públicos e de xestión pública establecerase nos pregos de condicións dos aproveitamentos.**

**Art. 106** .- Incidencia da normativa urbanística.

Engadir:

Os montes veciñais en man común clasifícanse e cualifícanse como solo rústico de protección forestal, ou a outra categoría de solo rústico protexido que se considere máis adecuada.

Excepcionalmente, o Plan xeral poderá clasificar como solo urbano non consolidado ou de núcleo rural, os terreos de montes veciñais en man común incrustados na rede urbana ou no núcleo, e/ou como solo urbanizable, os contiguos co solo urbano ou de núcleo rural, que resultan necesarios para o desenvolvemento urbanístico racional.

Así mesmo, poderán clasificarse como urbanizables sectorializado para uso empresarial, calquera ámbito de montes en man común non arborado, polo menos nun 80 %, que reúna condicións topográficas adecuadas.

Neste caso, este solo valorarase segundo a Lei 8/2007, do 28 de maio, de solo.

Excepcionalmente e previo expediente de cambio de uso forestal, poderán clasificarse como urbanizable sectorializado para uso residencial con algún tipo de protección e/ou terciario, valorándose neste caso o solo, segundo a lei citada.

O sistema de actuación en todos os casos será o de expropiación.

Considéranse compatibles coa protección forestal os usos seguintes:

- Recreativos, deportivos, de ocio, etc.
- Cinexéticos.
- Enerxéticos.
- Extractivos.
- Pastoreo.
- Infraestruturas e equipamentos públicos.

e, previo expediente de cambio do uso forestal, a petición xustificada da Comunidade de Montes:

- Agrícolas.
- Residencial para vivendas, con algún tipo de protección pública.

**Art. 113** .- Repoboación forestal.

- Orixinal:
  2. A repoboación forestal en montes catalogados de utilidade pública, ou de especial protección autonómica farase co obxectivo de crear neles formacións boscosas autóctonas con capacidade de autorrexeneración e continuidade. Agás por

cuestións de mellora xenética, en ningún caso se poderá facer unha repoboación con especies arbóreas que supoña un cambio de especie forestal en terreos con formacións boscosas autóctonas.

■ Proposta:

2. A repoboación forestal en montes catalogados de utilidade pública, ~~ou de especial protección autonómica~~ farase co obxectivo de crear neles formacións boscosas autóctonas con capacidade de autorrexeneración e continuidade. Agás por cuestións de mellora xenética, **en montes catalogados de utilidade pública, ou de especial protección autonómica**, en ningún caso se poderá facer unha repoboación con especies arbóreas **introducidas** ~~que supoña un cambio de especie forestal~~ en terreos con formacións boscosas autóctonas.

- Por outra parte propónse eliminar o artigo 113.3

**Art. 124 .-** Contratos de xestión forestal

Sería desexable que como bases dos contratos de xestión pública se recoñecese expresamente a posibilidade de financiamento da xestión a longo prazo, con cargo á produción e cunha porcentaxe de axuda a fondo perdido, de xeito que os novos contratos non supoñan un compromiso de financiamento e incentivo público inferior ao que establecen os convenios que se veñen asinando ata o momento segundo o disposto na Lei 5/1977, do 4 de xaneiro, “de fomento de produción forestal”.

Para estes efectos, a consellaría competente en materia forestal establecerá no contrato as formas de colaboración cos propietarios dos montes ou comunidades

veciñais e os investimentos que sexan necesarios, establecéndose en todo caso a contabilización de ata o 50 % do gasto en concepto de subvención e o resto en concepto de anticipo reintegrable. Nos devanditos contratos establecerase, no seu caso, a porcentaxe distributiva entre a consellaría competente en materia forestal e o propietario ou comunidade veciñal dos ingresos procedentes do voo creado.

**Art. 127 .-** Pistas forestais.

■ Orixinal:

3. As características e esixencias construtivas das pistas forestais promovidas pola consellaría competente en materia forestal, así como as súas reformas ou modificacións, serán establecidas regulamentariamente e atenderán ás necesidades do transporte de produtos forestais e do acceso aos montes da maquinaria forestal.

■ Proposta:

5. As características e esixencias construtivas das pistas forestais ~~promovidas pola consellaría competente en materia forestal,~~ **independentemente da titularidade desta**, así como as súas reformas ou modificacións, serán establecidas regulamentariamente e atenderán ás necesidades do transporte de produtos forestais e do acceso aos montes da maquinaria forestal.

**Art. 132** en relación coa disposición derogatoria. Consello Forestal.

Aínda que se menciona que se desenvolverá regulamentariamente a disposición derogatoria única deixa vixente o Decreto 306/2004, do 2 de decembro, polo que se crea o Consello Forestal de Galicia.

Propoñemos que nas entidades con representación neste consello se incorpore a entidade empresarial máis representativa no ámbito de Galicia.

**Art. 139 .-** Medidas provisionais.

■ Orixinal:

1. Antes da iniciación do procedemento sancionador o delegado ou delegada provincial competente por razón do territorio da consellaría competente en materia forestal, ou, no seu caso, os axentes da autoridade pública, poderán adoptar as medidas de carácter provisional que estimen necesarias, incluídos a inmovilización e o comiso de gando, dos aproveitamentos forestais así como dos instrumentos e medios utilizados na comisión da infracción e a paralización de calquera actividade, sempre que o dano o xustifique, para evitar a continuidade do dano ocasionado pola actividade presuntamente infractora, en especial cando se estea a producir en masas de frondosas autóctonas, montes de especial protección autonómica ou en hábitats que pola súa fragilidade se estime necesario.

■ Proposta:

1. Antes da iniciación do procedemento sancionador o delegado ou delegada provincial competente por razón do territorio da consellaría competente en materia forestal, ~~ou, no seu caso, os axentes da autoridade pública,~~ poderán adoptar as medidas de carácter provisional que estimen necesarias, incluídos a inmovilización e o comiso de gando, dos aproveitamentos forestais así como dos instrumen-

tos e medios utilizados na comisión da infracción e a paralización de calquera actividade, sempre que o dano o xustifique, para evitar a continuidade do dano ocasionado pola actividade presuntamente infractora, en especial cando se estea a producir en masas de frondosas autóctonas, montes de especial protección autonómica ou en hábitats que pola súa fragilidade se estime necesario.

**Art. 141 .-** Tipificación das infraccións.

1. Infraccións leves:

■ Orixinal:

- f. A tala de vexetación de ribeira sen autorización, sen provocar danos que poidan afectar o funcionamento do ecosistemas de transición acuático-terrestre ou cando os danos que se provoquen teñan un prazo de reparación ou restauración que non exceda de seis meses.
- g. A realización de pistas forestais, camiños ou calquera outra obra cando non estean previstas nos correspondentes instrumentos de xestión forestal, ou de ser o caso, no Plan de ordenación dos recursos forestais, ou sen estar expresamente autorizada polo órgano forestal correspondente, cando non se produzan danos no monte ou cando se deriven danos cuxo prazo de reparación ou restauración non excedan de seis meses.
- h. O incumprimento por parte dos propietarios dos montes privados da obriga, contemplada no artigo 29.1

desta lei, relativa á valorización ou á trituración para incorporar como nutriente do solo, ou outra xestión da biomasa forestal residual que aseguren o control da erosión, a sustentabilidade dos ecosistemas forestais e a prevención de incendios forestais, de acordo cos procedementos e excepcións que regulamentariamente se establezan, cando non produzan danos ao monte ou cando se deriven danos cuxo prazo de reparación ou restauración non excedan de seis meses.

■ Proposta:

f. A tala de vexetación ~~de ribeira~~ **na zona de dominio público ou servidume** sen autorización, sen provocar danos que poidan afectar o funcionamento do ecosistemas de transición acuático-terrestre ou cando os danos que se provoquen teñan un prazo de reparación ou restauración que non exceda de seis meses.

g. A realización de pistas forestais, ~~camiños ou calquera outra obra~~ cando non estean previstas nos correspondentes instrumentos de xestión forestal, ou de ser o caso, no Plan de ordenación dos recursos forestais, ou, sen estar expresamente autorizada polo órgano forestal correspondente, cando non se produzan danos no monte ou cando se deriven danos cuxo prazo de reparación ou restauración non exceda

de seis meses.

h. O incumprimento por parte dos propietarios dos montes privados da obriga, contemplada no artigo 29.1 desta lei, relativa á valorización ou á trituración para incorporar como nutriente do solo, ou outra xestión da biomasa forestal residual que aseguren o control da erosión, a sustentabilidade dos ecosistemas forestais e a prevención de incendios forestais, de acordo cos procedementos e excepcións que regulamentariamente se establezan **ou as prescricións previstas nos pregos de condicións do aproveitamento**, cando non produzan danos ao monte ou cando se deriven danos cuxo prazo de reparación ou restauración non excedan de seis meses.

## 2. Infraccións Graves:

■ Orixinal:

...

z. A adquisición de madeira e produtos derivados procedentes de talas ilegais e cortas non autorizadas ou non respectuosas cos principios de xestión forestal sustentable.

■ Proposta:

Debese adaptar a redacción nos artigos 141.2.f , 141.2.g. 141.2.i segundo o proposto para o 141.1.f. 141.1.g e 141.1.h

...

z. A adquisición de madeira e produtos derivados procedentes de talas ilegais e

~~cortas non autorizadas ou  
non respectuosas cos prin-  
cipios de xestión forestal  
sustentábel.~~

3. Infraccións moi graves:

- Proposta: Debese adaptar a redacción nos artigos 141.3.e, 141.3.f. e 141.3.h segundo o proposto para o 141.1.f. 141.1.g e 141.1.h



Este documento está tamen dispoñible en  
[www.ces-galicia.org](http://www.ces-galicia.org)